




variedade do galego popular da beiramar das Rías Baixas con uso constante da gheada e do seseo, de formas como *peis* 'peixe' e *hos* 'hoxe', *naveghín* 'naveguei', *mirar* por ver. Outro elemento ben caracterizador dese falar mariñeiro son anglicismos léxicos como *laiquear* 'gustar', *veri nai* 'moi bonito' ou dar un *raite* para dar un paseo ou unha volta, que aparecen por toda a novela e posibles anglicismos como *bichicoma*, termo despectivo moi usado pola xente que andaba ó bacallau en Terranova e que se di do que vive da chupuza ou do conto.

Nesta obra vese como os mariñeiros galegos foron adaptando os

topónimos estranxeiros de portos e illas onde ían faenando ou atracando, algúns deles totalmente populares entre a xente do mar. É o caso de Capetón (Capetown-Sudáfrica), Abellán (Abidján-Costa de Marfil), Ghotá (Godthab-Grenlandia), Antuerpe (Antwerpen-Bélxica), Casteltón (Castletown-Irlanda), Escornabois (Stornoway-Illas Hébridias), illas Espibes (illas Spitzbergen-Noruega) ou Valvis (Walvis Bay-Namibia). Isto é unha mostra da presenza dos galegos e da súa lingua en todos os mares: "Se o mar aprendera a falar, seghuro que o fasía en ghallego -concluía Fidalgo-. Porque mira que temos

barcos polo mundo adiante. Ghalleghos hainos coma a brosa por todos os continentes", dicía o patrón de pesca do "Xeitoxiño II". Esta excelente crónica novelada publicouse tres anos despois de que Jacobo Barros morrese en maio do 2002 nun accidente nas augas do Pacífico, cando só tiña 30 anos. Foi unha lamentable perda para a literatura galega, e particularmente para a literatura do mar, tan escasa aínda de crónicas e relatos mariñeiros, a pesar do que se leva feito nos últimos anos.



SUBMARINOS, NAUFRAXIOS E INSTINTO DE SUPERVIVENCIA

E.X.I.L.

AGUILLÓNS DE ORTEGAL

Hixinio Puentes Novo

Eds. Xerais, 2005

xermanófilas) da oficialmente 'neutral' España, está protagonizada por un fogueiro portugués con raíces galegas, Xoán Antón Fonseca, que se ve involucrado nunha guerra que non é a súa.

A novela divídese en cinco capítulos e presenta unha estrutura circular, cun comezo *in extrema res* que pon en marcha a intriga e converte as case trescentas páxinas de que consta o libro nun demorado *flash-back* para explicar por que o protagonista se converteu, segundo confesa el propio desde o comezo, nun asasino... As recordacións e confesións do Fonseca vannos achegando ao instante final, que empata co principio e

Colaborador habitual do vedraio semanario 'La Voz de Ortigueira', mestre de profesión e responsábel de dous interesantes traballos de investigación sobre catástrofes no mar (*A galerina de 1961* e mais *Os naufraxios da Galicia Norte*), este escritor natural de O Barqueiro (1952) conseguiu no pasado recente certo recoñecemento e varias distincións polas súas obras *O bandido Casanova* (2000, Premio 'Pastor Díaz' do Concello de Viveiro),

recreadora das peripecias do famoso bandido galego de comezos do século XX, e a aínda inédita *Monbars* (gañadora do IV Premio 'Eixo Atlántico'), ambientada no século XVII e protagonizada polo pirata francés así chamado.

Agora volve polos camiños da novela para nos regalar *Aguillóns de Ortegal*. Ambientada nos tempos da Gran Guerra, en que submarinos alemáns torpedeaban buques mercantes de moitas bandeiras diante das costas galegas, coa aquiescencia cómplice das autoridades militares (maiormente



que, dito sexa como aviso a lectores impacientes, deixa un cabo importante sen atar, talvez para amarrar unha eventual continuación das andanzas novelescas do fogueiro lusitano...

No primeiro dos capítulos, 'A xenreira de Neptuno', coñecemos por boca do propio Fonseca as súas orixes e circunstancia, a súa iniciación ao mundo do mar na carpintería de ribeira de seu pai, as súas primeiras navegacións, primeiro como 'cho' e logo como 'palermo', e a sucesión de naufragios que fan bo o vaticinio da meiga que lle predicara sete vidas a este fogueiro que traballa en buques mercantes ingleses porque a paga é boa (con plus de perigosidade incluído) e que xa leva ben tempo *chuspindo nas mas, agarrado á pá e á aceiteira, engraxando os balancíns e as chumaceiras do eixo da cola, coa faciana lixada pola suor e o carbón, dándolles de comer ós fornos...* Este primeiro capítulo finaliza co relato de dous torpedamentos sucesivos de senllos barcos en que viaxa o Fonseca: o 'Yrewse' en que estaba enrolado e, a penas unhas horas despois, o 'Alnwick Castle' que o recollera como náufrago.

No segundo capítulo ('Derrota polo inferno'), ao noso ver do melloriño da obra, asistimos á deriva polo Océano Atlántico de cinco botes de salvamento durante varios días. Nun deles vai, canda outros vintenoventa náufragos (cada un coa súa historia e vida ás costas, que se nos relatan sumariamente, compondo un auténtico mosaico humano), o noso Fonseca, convertido pola forza das circunstancias no encargado de ir botando pola borda os cadáveres dos que non aturan a fame, a sede, o frío, a marmañada que enchoupa, as cambras e a gangrena dos

pés entumecidos, o alcatreo noxento dos excrementos mesturados co salseiro...

Finalmente, no límite das súas forzas físicas e psíquicas e despois de remar e velear durante nove días, xa sen provisiones nin no tambuche de popa nin no cubichete de proa, os náufragos superviventes chegan ata os Aguillóns de Ortegá (O Rodicio, a Ínsua Maior, a Longa, o Tres Irmáns, o Cabalo Xoán) e alí dúas trañas de pescadores do porto de Cariño remólcenos ata o areal da Basteira.

A hospitalidade proverbial e gratuita da xente do mar cariñesa, os coidados para a reanimación dos náufragos (auga, fretas, comida, teito...), as xestións do viceconsulado británico para se facer cargo deles e a estadía nun hospital ferrolán son a materia do terceiro capítulo da novela ('Arribada a Cariño'), en que asistimos, ademais, ao namoramento do protagonista dunha moza chamada Andrea.

Na cuarta parte, 'Regreso ó sentimento', o protagonista embarca no peirao das Curuxeiras ferrolán nun trincado cedeirés para regresar onda súa namorada *pixina*. Tras desembarcar, atravesamos logo a pé a serra da Capelada, por Santo André de Teixido. Na camiñada, encontra unha garita de vixilancia desde a que soldados alemáns fan seguimento do tráfico marítimo e achegan a oportuna información para que o submarino B-23 que opera na zona poida proceder a localizar e afundir mercantes. Fonseca, levado polo afán de vinganza, comunica o feito aos aliados orteganos e ás autoridades consulares británicas e trama un plano para desbaratar definitivamente a garita.

No derradeiro capítulo, despois de pasearmos da man de Fonseca e da súa namorada por Ortigueira e de descubriremos o fondeadeiro do submarino alemán, asistimos ao desenlace: no transcurso dun pantagruélico xantar na reitoral de Santo André de Teixido (ao que fora convidado facéndose pasar por comerciante de madeiras), Fonseca constata, ao comentar os recentes afundimentos do vapor grego 'Catarnia' e do dinamarqués 'Nygaard', a indisimulada xermanofilia das autoridades militares da Comandancia ferrolá e a axuda que o clero da zona empresta aos xermanos no seu labor de espionaxe e destrución. Tras discutir e pelexar con parte dos comensais, o fogueiro portugués foxe pola serra, chega á garita e elimina de senllos sachazos aos vixías teutóns. Cando a Garda Civil e as autoridades militares hispanas van procuralo a casa de Andrea, en Cariño, sálvaos *in extremis* o vicecónsul británico, ao ameazar con destapar o xogo de complicidades dos xercarcas militares e clericais da 'neutral' España no asunto.

Con ingredientes habilmente dosificados de novela histórica, de novela de intriga, de novela de aventuras e mesmo con pingas 'románticas', *Aguillóns de Ortegá*, que rende tamén tributo ao costumismo de tema ortegano nalgunhas páxinas, está escrita nun estilo áxil e nunha linguaxe rica en que abundan, para felicidade dos amantes da cultura marítima e da linguaxe popular, os xiros e vocábulos de inconfundíbel xinea mariñeira: *ler da quilla á perilla, vida de matalote, gardas de botaló, baixar polas imadas ensebadas, dar piqueta nas brazolas, a todo filispín*, etc.